

**PROXECTO  
PLURILINGÜE  
ED. PRIMARIA**

**CEIP Lope de Vega**

**Abril de 2018**

# ÍNDICE

<b>1. XUSTIFICACIÓN DUN PROXECTO PLURILINGÜE</b> .....	3
1.1. O MARCO EUROPEO DE REFERENCIA DAS LINGUAS .....	3
1.2. AS COMPETENCIAS CLAVE .....	4
1.3. A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA .....	4
1.4. O PROXECTO LINGÜÍSTICO E O CURRÍCULUM INTEGRADO DAS LINGUAS.....	5
<b>2. CONTEXTO DO CENTRO</b> .....	5
<b>3. O PROXECTO</b> .....	6
3.1. FUNDAMENTACIÓN DO PROXECTO.....	7
3.2. ELABORACIÓN DO PROXECTO.....	7
3.3. NIVEIS E HORARIO .....	7
3.4. OBXECTIVOS.....	7
3.5. CONTIDOS.....	8
3.6. METODOLOXÍA .....	8
3.7. RECURSOS .....	10
3.8. IMPLANTACIÓN DO PROXECTO.....	11
3.9. COORDINACIÓN .....	12
3.10. AVALIACIÓN .....	12
3.11. ADMISIÓN E CERTIFICACIÓN.....	13
<b>4. CONCLUSIÓN</b> .....	13
APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR.....	14

# 1. XUSTIFICACIÓN DUN PROXECTO PLURILINGÜE

## 1.1. O MARCO EUROPEO DE REFERENCIA DAS LINGUAS

A aprendizaxe de linguas estranxeiras supón o desenvolvemento das competencias lingüística, textual, discursiva e cultural. Este proceso de adquisición lingüística, permite o que se chama o “diálogo de culturas”, pois a clase de idiomas é o primeiro espazo de encontro e onde o profesorado pasa a ser un “mediador” ou “facilitador” entre a cultura materna e a estranxeira, situándose entre o universo coñecido e o exterior e afastado. Así pois, a finalidade proposta por este proxecto pretende promover:

- A formación plurilingüe: que consiste en valorar e desenvolver os repertorios lingüísticos dos falantes, desde as primeiras aprendizaxes e ao longo de toda a vida. Referímonos ás ensinanzas de linguas o cal ten como finalidade o desenvolvemento do plurilingüismo como competencia.
- A educación para o plurilingüismo: que constitúe unha das condicións do entendemento da diversidade lingüística. Referímonos ás ensinanzas, non necesariamente lingüísticas, destinadas a educar na tolerancia lingüística e a formar para a cidadanía europea.

A diversidade lingüística e cultural ten sido de sempre unha das características da maioría de pobos do mundo. Desde a escola temos que entender que se ten producido un cambio social global. Na actualidade, a situación lingüística e cultural ven condicionada polos seguintes feitos: por un lado, a integración europea, coa facilidade para o intercambio de todo tipo de bens, incluídos a información e os bens culturais; por outro, o fenómeno da globalización, e en particular a potenciada polas novas tecnoloxías, así como tamén a emigración.

O plurilingüismo fai que a través do coñecemento da linguaxe como sistema de comunicación e a competencia en diversas linguas, o individuo poida descifrar e interpretar mensaxes para a comunicación con interlocutores falantes de distintas linguas.

## 1.2. AS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias básicas forman parte do novo modelo a aplicar nos contextos de educación plurilingüe. Consecuentemente a administración educativa debe emprender un programa de consolidación dos aspectos da educación plurilingüe e da formación que esta trae consigo.

As competencias fan posible a integración do currículo formal, non formal e informal e contribúen ao enriquecemento do currículo mediante a súa vinculación a prácticas sociais.

## 1.3. A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A lingua é unha característica esencial do ser humano. Esta capacidade permítenos entendernos uns cos outros e entender a sociedade na que vivimos. Pode definirse como o instrumento de comunicación e de aprendizaxe.

O estudo dunha lingua estranxeira pode considerarse como unha demanda da nosa sociedade actual na que as relacións entre os individuos, países e organismos fanse cada vez máis necesarias e frecuentes. A educación polo tanto terá como un dos seus obxectivos principais dotar aos cidadáns de competencias que lles permitan participar nunha sociedade cada vez máis interdependente e global.

Para que o noso alumnado poida desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe, debemos conseguir que acaden unha capacidade de comunicación lingüística eficaz, isto é, “entender e ser entendidos”.

O modo de conseguir aumentar o tempo de contacto na lingua estranxeira nun contexto comunicativo, é incorporala noutra materia. Na educación primaria a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo. O obxectivo será o currículo de Educación artística pero o proceso englobaría a aprendizaxe dunha lingua estranxeira xa que o alumnado deberá entender e seguir as instrucións e identificar o vocabulario na lingua estranxeira.

O noso proxecto estará baseado na produción artística (música e plástica). Empregando a lingua estranxeira na área de educación artística, promovemos o uso da lingua nun contorno distendido, comunicativo e instrumental, favorecendo a integración e globalización das aprendizaxes, fomentando a autoestima do alumnado, a creatividade, así como a valoración da lingua estranxeira.

## 1.4. O PROXECTO LINGÜÍSTICO E O CURRÍCULUM INTEGRADO DAS LINGUAS

O Proxecto Educativo (PE) debe recoller os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Asemade, incorporará a concreción dos currículos. Constitúe as sinais de identidade do centro docente e expresa a educación que desexa e vai a desenvolver nunhas condicións concretas, polo que deberá contemplar os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación.

Calquera centro que pretenda desenvolver un programa de educación plurilingüe debe incluír este no proxecto educativo do centro. Este proxecto no que se detallan as medidas para a promoción, ensinanza e visibilidade das linguas será construído como Proxecto Lingüístico de Centro. Dito proxecto debe estar relacionado cun proxecto integrado de linguas que permita, a súa vez, un tratamento integrado das mesmas.

A competencia en comunicación lingüística é só unha e exercémola nas distintas linguas que coñecemos. Desde hai tempo sábese que o compoñente estratéxico da aprendizaxe dunha lingua é só un e moi similar no seu desenvolvemento da L1, L2 ou L3. Temos en conta que no fenómeno da interlingua o tratamento integrado é o mellor.

## 2. CONTEXTO DO CENTRO DONDE SE VAI DESENVOLVER O PROXECTO

O C.E.I.P. LOPE DE VEGA é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Ten o seu enderezo na rúa Emilia Pardo Bazán nº 119, C.P. 36214-Vigo

Código de centro: 36010538

N.I.F.: S86000611

Teléfono: 886111165

mail: [ceip.lopedevega@edu.xunta.es](mailto:ceip.lopedevega@edu.xunta.es)

web: [www.edu.xunta.es/centros/ceiplopedevega](http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplopedevega)

Comezou a funcionar no ano 1973 de forma provisional e de forma definitiva no ano 1974.

En setembro de 1976 comezou a funcionar o transporte escolar e en xaneiro de 1977 entrou en funcionamento o comedor escolar.

En febreiro de 1997 a Comunidade Educativa aproba a implantación da xornada escolar en sesión continuada e que continúa nos nosos días.

Situado nun barrio da cidade de Vigo, ten un entorno urbano na case a súa totalidade. É, polo tanto un centro eminentemente urbano, o seu alumnado pertence a maioría á clase media (traballadores do sector terciario e de servizos), ten unha gran porcentaxe de alumnado de orixen estranxeiro e a lingua predominante entre as familias é o castelán.

Actualmente componse das seguintes unidades:

6 unidades de Ed. Infantil

18 unidades de Ed. Primaria

2 unidades de Pedagogía Terapéutica

1 unidade de Audición e Linguaxe

#### HORARIO MAÑÁN

1ª hora..... 9:15-10:10

2ª hora.....10:10-11:00

3ª hora.....11:00-11:50

Recreo 11:50-12:15

Plan lector..... 12:15-12:35

4ª hora.....12:35-13:25

5ª hora.....13:25-14:15

Actividades extraescolares.....16:00-18:00 (Tódolos días, de luns a venres)

MARTES: Visitas nais/pais.....16:00-17:00

Reunión de Equipos..... 17:00-18:00

Os pais/nais teñen constituída unha ANPA na que están asociados un número significativo de familias. A través dela realízanse actividades extraescolares e colaboran co colexio na organización de diversas actividades de aula ou de centro.

### **3. O PROXECTO**

Tendo en conta a importancia do inglés como lingua estranxeira pola súa universalidade e a importancia de traballar este idioma desde os primeiros niveis, levaremos a cabo a realización deste proxecto para aumentar a utilización do inglés na etapa de Educación Primaria de forma progresiva.

### 3.1. FUNDAMENTACIÓN DO PROXECTO

Bases legais:

- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na nosa Comunidade.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.
- Proxecto lingüístico do centro.

### 3.2. ELABORACIÓN DO PROXECTO

O proxecto foi elaborado polos mestres/as especialistas e o Equipo Directivo. Proporáselle ao Claustro e ao Consello Escolar e, si este último dá a súa conformidade, enviarase á Administración Educativa para a súa autorización.

### 3.3. NIVEIS E HORARIO

Aplicarase nos seis niveis da Educación Primaria, na área de educación Artística (Plástica e Música). O horario que lle corresponde é de dúas sesión semanal para cada grupo.

### 3.4. OBXECTIVOS

O obxectivo final sería acadar unha competencia plurilingüe. O enfoque plurilingüe reconece que a competencia comunicativa dun individuo alimentase de todas as experiencias e coñecementos lingüísticos da súa lingua materna e doutras segundas linguas. Nesa competencia as linguas relaciónanse e interactúan entre si.

Os obxectivos son:

- Formar ao alumnado en contidos lingüísticos e non lingüísticos utilizando a lingua inglesa.
- Mellorar o dominio efectivo en lingua inglesa no alumnado.
- Fomentar a pluralidade lingüística e cultural no centro para acadar a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado.
- Promover o desenvolvemento do currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e das competencias dunha lingua a outras.

- Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade dos países de cultura anglosaxona.

- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través da lingua inglesa, facendo posible o acercamento entre cidadáns da Unión Europea e doutros continentes.

- Produción de obras ou traballos por parte do alumnado (protagonista final dos produtos) para fomentar a creatividade, sentido crítico, respecto polas producións alleas...

- Respectar os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe a través do traballo individualizado e cooperativo.

### 3.5. CONTIDOS

Os contidos están recollidos nas programacións de ciclo e de aula. A impartición das materias non lingüísticas axustaranse ao establecido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria.

Na docencia da lingua estranxeira incorporaranse contidos e actividades de apoio ao ensino de materias non lingüísticas que se impartan en inglés.

### 3.6. METODOLOXÍA

A comprensión e a expresión oral serán as bases para a adquisición da competencia comunicativa a través da educación artística (Ed. Plástica e Ed. Musical).

Tendo en conta que a aprendizaxe debería ter lugar dun xeito natural, intentaremos crear unha atmosfera que facilite a aprendizaxe, onde o alumnado se divirta aprendendo, esté relaxado e se sinta desinhibido.

A continuación enuméranse os aspectos metodolóxicos para o tratamento coordinado e integrado das linguas:

- Vehicular**: unha das posibilidades máis naturais de aprendizaxe de calquera lingua é a súa utilización como lingua de aprendizaxe, ao mesmo tempo que é obxecto de aprendizaxe.

- Comunicativo**: Partindo das necesidades do alumnado as linguas deberán cubrir un obxectivo comunicativo. Calquera situación cotiá, ao longo da xornada escolar, pode dar pé e debe ser aproveitada para fomentar a comunicación dun xeito natural.

- Funcional**: A lingua utilízase como medio de aprendizaxe e comunicación, apréndese e mellora coa súa utilización, sempre dentro dun contexto con contido. A lingua, nos seus



aspectos de uso e comunicación ten un papel principal en todas as áreas curriculares, utilízase ó mesmo tempo que se aprenden contidos.

**-Significativo:** A aprendizaxe significativa parte dos intereses do alumnado, atendendo ás súas experiencias, capacidades e coñecementos previos, para construír novas aprendizaxes a partir do que sabe.

**-Globalizador:** A finalidade da educación é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado, a través do currículo que ten en conta ditos aspectos, por medio do enfoque globalizado.

**-Rutinas:** O traballo das rutinas serve para interiorizar os contidos á vez que afianza a linguaxe para que o alumnado se sinta seguro á hora de producir oralmente. O desenvolvemento das actividades será de forma organizada e repetitiva para que lle sirva tanto de axuda na construción das coordenadas espazo e tempo, como para predicir os acontecementos e favorecer as aprendizaxes, darlle seguridade e fomentar a autoestima.

**-Actividades lúdicas** onde o alumnado aprende dun xeito divertido a través da plástica, xogos, contos, música, cancións,....

O currículo está estruturado en cada curso da etapa en bloques. Os contidos ensínanse dun xeito global tendo en conta os bloques da Ed. Plástica e Ed. Musical e os cinco bloques de Lingua estranxeira.

Os enfoques que se adopten para o ensino das materias de plástica e música deberán considerar os principios básicos que facilitan a aprendizaxe dunha lingua e cultura estranxeira. Fomentarase o uso contextualizado da lingua

No proxecto lingüístico do centro concretaranse:

.- As medidas tendentes á impartición dun currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas e o tratamento que se lle dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas linguas, co fin de favorecer que todos os coñecementos e experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

.- As medidas de apoio para facilitar a integración no programa plurilingüe do alumnado que se incorpore a este centro.

.- Os programas específicos de atención ao alumnado con NEAE que se incorpore ao inicio da etapa sen o grado de dominio da lingua inglesa do seu nivel ou curso.

### 3.7. RECURSOS

Os recursos empregados serán variados: materiais impresos, audiovisuais, informáticos, webs,..... utilizaremos todos os medios dispoñibles no centro tanto a nivel material como humano para levar a cabo este proxecto de plurilingüismo.

#### **Organización dos recursos humanos:**

Un dous puntos máis importantes a ter en conta na organización dun programa plurilingüe é a coordinación que debe existir entre as diferentes persoas que interveñen no proceso educativo. Está claro que a coordinación de aula (entre o profesorado que imparte a materia, o auxiliar de conversa e o mestre titor) é o que máis peso ten, pero non hai que esquecer a coordinación con outros niveis cando se vaia estendendo o programa. Isto axúdanos a definir e asentar a liña que o centro vai seguir e a unificar o traballo de todos os profesionais que forman parte do programa.

#### **Organización dos recursos materiais:**

O espazo e a limitación do tempo estudaranse para crear na aula as mellores condicións de aprendizaxe para os alumnos/as.

O noso centro conta cun espazo amplo na aula de música. Os espazos son un aspecto moi importante xa que temos a posibilidade de crear un contexto propio no que o alumnado viva a realidade que aprende. O mobiliario colocárase de maneira que inflúa positivamente na participación, o traballo cooperativo e polo tanto favoreza a aprendizaxe significativa. O mesmo se fará nas aulas de Ed. Primaria con recunchos destinados á plástica

Os materiais curriculares necesarios serán preparados polo profesor que imparta a materia, o coordinador e o auxiliar de conversa.

Características do material: auténtico, adaptado, visual e tanxible, atractivo, almacenable e clasificable, de refugallo, material feito polos alumnos...

Na aula de Música e nas aulas de Ed. Primaria cóntase con encerado dixital. A explotación de todos os recursos que as TICS ofrecen para a aprendizaxe das linguas é fundamental. O Bloque 1 da área de educación artística (plástica) é a educación audiovisual

O centro planificará e levará a cabo actividades extraescolares e complementarias plurilingües co obxecto de potenciar a aprendizaxe das linguas.

### 3.8. IMPLANTACIÓN DO PROXECTO

No curso 2018/2019 o proxecto implantarase no primeiro curso de primaria en dúas sesións semanais nas que se imparte Ed. Artística (Plástica e Música).

A Ed. Musical será impartida pola mestra Aida I. Domínguez Zavarce mestra especialista en música e lingua inglesa.

A Ed. Plástica será impartida pola mestra especialista en lingua inglesa, no primeiro curso da implantación deste proxecto, Beatriz Vila Fernández.

De cara ao desenvolvemento deste proxecto nos vindeiros anos académicos, contamos cun grupo de persoal amplo, disposto, cualificado e con destino definitivo no centro que formaría parte do Equipo de Plurilingüismo do centro:

Cristina Arias Watson, mestra especialista en Ed. Infantil e lingua inglesa.

Aida I. Domínguez Zavarce, mestra especialista en Ed. Musical e lingua inglesa.

Beatriz Vila Fernández, mestra especialista en lingua inglesa.

Ana M<sup>a</sup> Muguerra Martínez, mestra especialista en lingua inglesa.

Paloma Santamaría Suaña, mestra especialista en lingua inglesa.

Marta Zoraida Rodríguez Ferreiro, mestra especialista en Ed. Infantil e con titulación B2 do M.C.E.RL. en lingua inglesa.

Este profesorado comprométese a:

- .- Impartir a área da súa especialidade en lingua inglesa.
- .- Participar nunha sesión semanal de seguimento e coordinación, convocado polo coordinadora, xunto co profesorado que participe no programa.
- .- Colaborar na programación de contidos e actividades de apoio en lingua inglesa e da memoria final.
- .- Participar en actividades de formación e coordinación entre centros que programe a Consellería de Educación.

#### CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN

Curso 2018/2019	1º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)
Curso 2019/2020	2º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)
Curso 2020/2021	3º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)
Curso 2021/2022	4º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)
Curso 2022/2023	5º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)
Curso 2023/2024	6º Ed. Primaria (Plástica e Música en lingua inglesa)

### 3.9. COORDINACIÓN

O equipo docente de Plurilingüismo coordinarase cos titores/as e profesorado para traballar de forma conxunta na elaboración de obxectivos, contidos, actividades a levar a cabo, criterios de avaliación,...

Este equipo terá unha coordinadora, que para o curso académico 2018-2019 será Beatriz Vila Fernández.

Son funcións da coordinadora:

a) Realizar o seguimento semanal e a coordinación do equipo de docentes que formen parte do programa plurilingüe e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados. A xefatura de estudos considerará este aspecto na elaboración do horario do profesorado implicado.

b) Coordinarse coa persoa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.

c) Elaborar, coa colaboración do profesorado implicado no programa, a programación dos contidos e as actividades de apoio ás ensinanzas das materias non lingüísticas que se impartan nesa lingua, así como a memoria de fin de curso.

d) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.

e) Dirixir e orientar o labor das persoas nativas de apoio ao programa.

f) Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de Centros Plurilingües e con todas aquelas persoas ou organismos que puidesen ofrecer colaboración.

A persoa coordinadora do programa contará coa redución dunha hora no seu horario lectivo, por nivel educativo implicado no proxecto, ata un máximo de tres.

### 3.10. AVALIACIÓN

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como o desenvolvemento do proxecto.

A avaliación das aprendizaxes engadirase á información trimestral que se lles envía ás familias.

Estableceranse na programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.

A coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado no programa, deberá elaborar unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro.

Ao remate de cada etapa educativa, co fin de verificar o grao de dominio da lingua estranxeira, levarase a cabo a avaliación do alumnado participante no programa plurilingüe, seguindo o procedemento que determine a Consellería de Educación.

### 3.11. ADMISIÓN E CERTIFICACIÓN

1. Durante o proceso de admisión do alumnado o centro exporá, no seu taboleiro de anuncios e en todos os sistemas de información pública de que dispoña, información sobre o carácter plurilingüe do centro, os obxectivos e o alcance desta condición, así como sobre as medidas de apoio establecidas para facilitar a incorporación do alumnado ao programa plurilingüe.

2. O alumnado participante no programa recibirá, ao remate de cada etapa, certificación da dirección do centro de que realizou nun centro plurilingüe os estudos correspondentes, con indicación da etapa e a lingua estranxeira. Farase constar ademais mediante dilixencia no historial académico do alumno e no informe individualizado no caso de traslado a outro centro.

## 4. CONCLUSIÓN

Introducir un enfoque plurilingüe na ensinanza de idiomas en xeral e en particular en contextos de diversidade lingüística non só é unha demanda das familias e dos estudantes senón, unha boa liña de traballo segundo a investigación en adquisición de segundas linguas. Pero esta incorporación non debe recaer no profesorado de linguas senón que ten que ser un traballo acometido desde o Proxecto Lingüístico de Centro.

Neste senso, é o centro o que debe situarse ao longo dun continuo ir desde a superficialidade ata a complexidade, desde o desenvolvemento actitudinal ata o traballo cos contidos curriculares. Cada vez dispoñemos de máis modelos na realidade, a medida que o crecemento da diversidade o vai requirindo e xustificando.

Este Proxecto Plurilingüe foi informado favorablemente polo Claustro e aprobado polo Consello Escolar do centro en sesións celebradas o día vinte e catro de abril de dous mil dezaoito.

A Presidenta do Consello Escolar

*Asdo.: Lourdes Bernárdez Pazos*